



## Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

EXPEDIENTE : 1021/400

ASUNTO: RESOLUCIÓN DA EXCEPCIONALIDADE NA SUSPENSIÓN DECRETADA POLA DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA (DA3ª RD 463/2020)

### RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO.

**ASUNTO: RESOLUCIÓN DA EXCEPCIONALIDADE NA SUSPENSIÓN DECRETADA POLA DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA (DA3ª RD 463/2020) NA TRAMITACIÓN DE COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS DA OFICINA DE LICENZAS DA XMU.**

#### ANTECEDENTES:

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, como consecuencia da situación de crise sanitaria e posterior declaración do estado de alarma, contempla na súa Disposición Adicional Terceira, como regra xeral, a suspensión automática da totalidade dos trámites e a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedimentos das entidades do sector público.

No obstante, nos puntos 3 y 4 de la DA 3ª, establécese a posibilidade de continuar a tramitación co seguinte tenor literal:

*"3. No obstante lo anterior, el órgano competente podrá acordar, mediante resolución motivada, las medidas de ordenación e instrucción estrictamente necesarias para evitar perjuicios graves en los derechos e intereses del interesado en el procedimiento y siempre que éste manifieste su conformidad, o cuando el interesado manifieste su conformidad con que no se suspenda el plazo.*

*4. Sin perjuicio de lo dispuesto en los apartados anteriores, desde la entrada en vigor del presente real decreto, las entidades del sector público podrán acordar motivadamente la continuación de aquellos procedimientos administrativos que vengán referidos a situaciones estrechamente vinculadas a los hechos justificativos del estado de alarma, o que sean indispensables para la protección del interés general o para el funcionamiento básico de los servicios".*

En aplicación dos puntos 3 e 4 da DA 3ª, a Secretaría do Goberno Local en data 18.03.2020, informa que dita suspensión, no ámbito municipal, pode excepcionarse nos seguintes supostos: 1.1. Medidas de ordeación e instrucción estrictamente necesarias para evitar perxuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que éste manifieste a súa conformidade 1.2. Cando o interesado manifieste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo 1.3. Continuación daqueles procedimentos administrativos referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, 1.4. Continuación daqueles procedimentos administrativos indispensables para a protección de interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

En todo caso esixírase a axeitada motivación sobre a base das excepcións legalmente contempladas

Dado que dende a Xerencia de Urbanismo, habilitouse ó persoal dos medios precisos necesarios para facilitar o teletraballo e posibilitar a prestación dos servizos dos seus empregados en remoto seguindo as recomendacións das autoridades sanitarias, e en aras a acadar unha maior seguridade xurídica e favorecer os dereitos dos interesados, resultar preciso que dende éste Organismo, se acorde a non suspensión do prazo de 15 días hábiles sinalado no artigo 146.2 da lei 2/2016 do Solo de Galicia, e 361.2 do seu Regulamento de desenvolvemento aprobado por Decreto 143/2016 relativos á verificación da documentación achegada co fin de **minimizar os perxuízos que puideran ocasionarse ós cidadanos.**



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo

Data impresión: 13/04/2020 13:14

Páxina 1 de 2

EXPEDIENTE 1021\_400

CSV: 2EE1EA-4FAB4D-3B2287-W86DWH-JKBBHJ-H7

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Polo exposto, e considerando a esixencia legal contemplada na citada Disposición Adicional Terceira do RD 463/2020 de dictar acordo expreso motivando a concorrencia de dita excepcionalidade, do artigo 127.1.e) da vixente LRBRL, e segundo acordo de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local de data 11/07/2019;

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Acordar a aplicación das excepcións contidas nos puntos 3º e 4º da Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020 do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, como consecuencia da situación de crise sanitaria e posterior declaración do estado de alarma; e **non suspender o prazo ordinario de 15 días hábiles** establecido para a verificación da documentación achegada polo interesado no procedemento de tramitación das Comunicacions Previas de Obras, segundo o disposto no artigo 146.2 da lei 2/2016 do Solo de Galicia, e 361.2 do seu Regulamento de desenvolvemento aprobado por Decreto 143/2016 co obxectivo de non perxudicar ós interesados nos procedementos.

**Segundo.-** Sen perxuízo do anterior, o prazo outorgado para calquera acción de deba emprender o cidadano en resposta a un acto de trámite ou resolución de ineficacia, de ser o caso, atópase expresamente suspendido segundo o disposto no R.D. 463/2020 polo que se decreta o Estado de Alarma. No obstante, na medida en que dita suspensión legal establécese en favor do administrado, éste poderá manifestar a súa conformidade con que non se suspenda o devandito prazo, por calquera das formas admitidas en dereito. A estes efectos, atender o requirimento efectuado durante a vixencia do Estado de Alarma, entenderase como conformidade á non suspensión dos prazos indicados.

**Terceiro.-** Dar publicidade á presente resolución na páxina web do Concello de Vigo.

No lugar e data da sinatura dixital  
 A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO  
 (Acordo XGL 11.07.2019)  
 María José Caride Estévez

Do cal eu, secretario da Xerencia Municipal  
 de Urbanismo, DOU FE.  
 José Riesgo Boluda



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo	Data impresión: 13/04/2020 13:14	Páxina 2 de 2
EXPEDIENTE 1021_400	CSV: 2EE1EA-4FAB4D-3B2287-W86DWH-JKBBHJ-H7	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		